



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
DO CONCELLO O DÍA CATRO DE ABRIL DO DOUS MIL CINCO.**

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luis Docampo Fortes, D. César Ricardo Naval Parapar, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. María Rebeca Fernández Martínez, D^a. Ana María Basanta Tojo, D. José Antonio Goás Basanta, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D^a. Marta Pérez Lage, D^a. Rosario Canoura Labayén, D. Antonio José Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARIA

D^a. Sara Martínez Álvarez

Na Casa do Excmo. Ayuntamiento de VIVEIRO, sendo as vinte horas e trinta minutos do día catro de abril do dous mil cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES
ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIA DO 23 DE DECEMBRO DO 2004 E,
ORDINARIA E EXTRAORDINARIA DOS DÍAS 13 E 26 DE XANEIRO DO
2005.**

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha rectificación ou aclaración que facer ao acta da sesión extraordinaria celebrada o día 23 de decembro do 2004, indicando o Concelleiro do PP, D. César Aja Mariño, que na páxina 42, na pregunta 2^a das que formulou, na aliña, onde dí: “O r. Alcalde resposta que D. Alfonso Otero Regal..” incluírase a pregunta que formulou: ¿pagará o cargo correspondente a ditos servizos?, contestándolle o Sr. Alcalde-presidente afirmativamente, non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda prestar aprobación a dita acta incluíndo a referida aclaración.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde pregúntase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha rectificación ou aclaración ao acta da sesión ordinaria do día 13 de xaneiro do 2005, non producíndose ningunha, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete) , acorda prestar aprobación á dita acta.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

A continuación, polo Sr. Alcalde pregunta aos Concelleiros se teñen algunha obxección ou puntualización que facer á acta da sesión extraordinaria do día 26 de xaneiro do 2005, non producíndose ningunha, o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda prestalle a súa aprobación.

2º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDOS DE DETALLE INSTADOS POR:

2.1.- “DÍEZ TRIGO, S.L.”, ORDENACIÓN ZONA ENTRE RECHEO LAVANDEIRAS, CAMIÑO REAL DA COSTA E C-642, EN CELEIRO.

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, dáse lectura do dictame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente, na sesión celebrada o día 25 de febreiro do 2005, que por maioría, co voto en contra do Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, emitiu o informe que dí: “Obran no expediente os informes xurídico e técnico, que din:, Con relación ao estudo de detalle presentado co título “estudio de detalle da zona comprendida entre o recheo de Lavandeiras, o Camiño rela da Costa, a rúa Lavandeiras e a estrada C-642 en Celeiro”, que modifica ao que se presentara en representación de DÍEZ TRIGO S.L., con número de entrada 5852 no rexistro xeral municipal do 9 de decembro de 2004. asinado polos arquitectos D. José Francisco Díaz Moscoso e D. Miguel Fernández Catá, fago constar que co documento modificado quedan resoltos os incumprimentos dos puntos 4.1, 4.2, 4.3, e 4.4 do meu informe do día 14 de decembro de 2004”.

Interven en primeiro lugar o concelleiro Sr. Expósito Mariño para manifestar que , xa que o Concello ten a posibilidade de aplicar a ordenanza residencial aberta ou cerrada extensiva, a súa proposta é que se aplique a aberta. O técnico de urbanismo expón que as posteriores solicitudes que se realicen nesta zona teñen que seguir o mesmo criterio.

Seguidamente toma a palabra o concelleiro Sr, Rodríguez Guerreiro, manifestetaando que queda moito mellor a pechada que a aberta, nesa zona, xa que en frente hai moita zona aberta, citando a título de exemplo a piscina, parques, xardíns, etc. O Sr. Alcalde explica que o Concello xa ten aprobados seis edificios, contemplados no Plan Parcial de Lavandeiras, en edificación pechada, pola parte de atrás da piscina.

Pola súa banda, o concelleiro Sr. Solla manifesta que aprobar a ordenanza residencial aberta sería unha aberración urbanística.

A Comisión , por maioría dos seus membros, e co voto en contra do Sr. çExpósito Mariño, emite o seguinte dictame:

- a) Declarar aplicable a Ordenanza Residencial Cerrada Estensiva (RCE) e dictaminar favorablemente a aprobación definitiva polo Pleno do Estudo de Detalle para a ordenación de zona entre o recheo de Lavandeiras, Camiño Real da Costas e estrada C-642, segundo o proxecto dos arquitectos D. José Francisco Díaz Moscoso e D. Miguel Fernández Catá.
- b) Ordenar a publicación do devandito acordo no DOG e no BOP, publicándose ademáis neste último a normativa incluída no dito Plan.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese, en primeiro lugar, a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que dí que no dictame faise referencia ao Plan parcial de Lodeiro e Lavandeiras e considera que esa referencia é errónea, polo que cómpre



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

correxila, para, a seguir, preguntarlle se se trae a aprobación o Estudo de detalle e a definición da ordenación; contestando o Sr. Alcalde que o que se trae a aprobación definitiva é o Estudo de Detalle.

Seguidamente, intervén o Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, manifestando que o dictame refírese a ordenación e Estudo de detalle na antigo Camiño Real da Costa de Celeiro e que se propón unha edificación pechada, xa que cunha edificación aberta se vería a nave de “Renault” e con ela pechada esta quedará oculta e, dado que as citadas vivendas da Costa de Celeiro son edificacións pechadas...

A continuación, intervén o Concelleiro de IU-EU, Sr. Expósito Mariño, que manifesta que vai votar en contra, o mesmo que xa fixo na Comisión Informativa porque considera que xa existe suficiente edificación pechada en Viveiro.

Finalmente, o Sr. Alcalde manifesta que na proposta feita que se dictaminou favorablemente, cómpre non esquecer que non se produciron alegacións durante o período de exposición ao público.

Obrando no expediente o dicitame referido, así como o informe xurídico.

E o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, de dezaseis votos a favor (PS de G-PSOE, BNG E PP), o que supón o número legal de membros, e un voto en contra (IU-EU), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle para a ordenación de zona entre o recheo de Lavandeiras, Camiño Real da costa e estrada C-642, en Celeiro, segundo o proxecto dos arquitectos, D. José Francisco Díaz Moscoso e D. Miguel Fernández Catá, declarando aplicable a Ordenanza Residencial Cerrada Extensiva (RCE) contida no referido Estudo de detalle.

SEGUNDO.- Publicar o acordo da aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, incluíndo na publicación neste Boletín a normativa do devandito Plan e remitindo copia do expediente dilixenciado á Comisión Provincial de Urbanismo.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Obras e urbanismo para a súa tramitación.

2.2.- “CONSTRUCCIONES REGO, S. L.” PARA ORDEACIÓN DE RUEIRO ENTRE AS RÚAS SUASBARRAS, GRANXAS E DE NOVA APERTURA EN COVAS.

Polo Sr. Alcalde explícase someramente o punto, refiríndose ao convenio a que se chegou co promotor que é a súa vez, dí, o que insta o Estudo de Detalle, lembrando os pormenores do convenio, e que o propio Estudo de Detalle indica, suprime a entreplanta quedando o edificio cun total de catro andares–plantas.

Aberta a quenda de intervencións prodúcense as seguintes:



- A do PP, manifestando o Voceiro de dito grupo, D. César Aja Mariño que se atopan de acordo coa proposta.

- A do BNG, da que o seu Voceiro, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, lembra a función dos Estudos de Detalle, e indicando que están a favor deste expediente, pois desta maneira vaise obter unha dotación para o Concello en forma de Baixo, que se destinará aos servizos municipais que se considere, engadindo que aínda que a estética é un asunto de apreciación subxectiva e as normas permitían o aproveitamento que en principio se ía a dar, considera que desta maneira tampouco hai nada que obxectar.

- A de IU-EU da que o Concelleiro D. Orlando Expósito Mariño dí que considera non hai que vanagloriarse de chegar a estes acordos cos contratistas, poñendo dí de exemplo o de Pontelabrada con Os Muiños.

En resposta o Sr. Alcalde-presidente dí que este Estudo de Detalle evita a existencia de edificios piramidais pois as NSPM así o autorizan, aínda que considera que máis que unha pirámide exípcia neste caso sería unha pirámide maia; aclarando, a seguir, que se trouxo á sesión plenaria o convenio co promotor e se aprobou polo que hai un mandato desste Pleno da Corporación, ademáis de considerar que é lexítimo que o empresario obteña o máximo aproveitamento que a respectiva norma de planeamento permite; non obstante, dí que tamén o Concello quere e pretende obter unhas vantaxes dentro da legalidade e previas as negociacións oportunas coa outra parte.

A seguir, procédese a efectuar a votación, obrando no expediente os dictames e informes preceptivos e o Pleno da Corporación por dezasete votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e PP) e un voto en contra (IU-EU), o que supón maioría absoluta do número legal de membros, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle instado por “Consturcciones Rego, S. L.” para ordenación de rueiro entre as rúas Suasbarras, Granxas e de nova apertura en Covas, consonte ao proxecto redactado polo Arquitecto. D. Jesús Fernández López.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo ao departamento de obras e urbanismo para a publicación do acordo de aprobación definitiva, así como as ordenanzas do dito Estudo, remitíndose, igualmente, un exemplar dilixenciado á Comisión Provincial de Urbanismo.

3º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA MODIFICACIÓN DO PEPRI DE VALDEFLORES.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese unicamente a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que pregunta si se atopa paralizada a obra. Ao que o Sr. Alcalde-presidente contesta que ten dictada unha orde de paralización para unha parte da obra.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Non se producen outras intervencións e procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, obrando no expediente os dictames e informes técnico e xurídico preceptivos, por unanimidade dos seus membros, o que supón maioría absoluta do número legal destes, acorda aprobar provisionalmente a modificación puntual da modificación do PEPRI de Valdeflores na antiga fábrica de curtidos, segundo proxecto asinado pola Técnica da Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico.

Dáse traslado do acordo ao departamento de obras e urbanismo para a tramitación e remisión do expediente completo ao Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para a emisión do informe preceptivo.

4º.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE RECOLLIDA DE LIXO E LIMPEZA VIARIA SUBSCRITO CON CESPA INGENIERÍA URBANA, S. A.

Polo Sr. Alcalde-presidente maniféstase que aínda que este punto atópase dictaminado na Comisión Informativa de Economía e Facenda, co voto en contra do PP e a abstención do Concelleiro de IU-EU, á vista do informe emitido polo Sr. Interventor accidental que, textualmente, dí:

“Independientemente de la valoración de otros aspectos contractuales objeto de la modificación, en el presupuesto de Ingresos del año 2004 del Concello de viveiro consta la aplicación presupuestaria 39907 de ingresos por la gestión de recogida de basura y limpieza viaria por una cuantía de 247.996,18 Euros, suponiendo un ingreso real en el año 2004 por importe de 214.051,25 Euros motivada tal diferencia ñor haber estado trabajadores de baja por lo que recibió el Concello compensaciones de la Seguridad Social.

Tal ingreso se realizaba por la empresa Cespa Ingeniería Urbana , S. A. de conformidad con el contrato del que es adjudicataria, en concepto de reintegro de gastos de personal (salarios, costes de Seguridad Social, aportaciones empresa plan de pensiones y otros). Como consecuencia de la modificación, tal cantidade no deberá figurar en la partida de ingresos del presupuesto del 2005 como aportación de la empresa concesionaria sino como aportación municipal del Concello para cubrir tales gastos salariales del personal asumido.

Como quiera que el presupuesto general para el año 2005 se encuentra en la actualidad sin elaborar por lo que se dispone únicamente del presupuesto del año 2004 prorrogado, es por lo que considero que en aquel documento deberá contemplarse la nueva situación creada por esta modificación y por lo tanto determinarse con la elaboración del presupuesto del 2005 la generación de ingresos suficientes para la cobertura del nuevo contrato.

El que informa, en su calidad de Interventor acctal, considera que las operaciones y cálculos contables y presupuestarios para asumir esta modificación trascienden por su complejidad meras funciones de sustitución del Interventor Titular, por lo que éste al elaborar el presupuesto del corriente, junto al grupo de gobierno, es el que tendrá que realizarlo.”



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

É polo que propón que o asunto queda sobre a Mesa ao obxecto de que polo novo Interventor que xa está nomeado polo Ministerio de Administracións Públicas e se atopa pendente da toma de posesión, examine e informe a proposta para a inclusión na orde do día doutra sesión plenaria.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade do seus membros (dezasete) acorda que asunto quede sobre a Mesa pendente dos informes do Interventor ata unha próxima sesión.

5º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO.

Polo Sr. Alcalde-presidente expone que ata o momento por este Concello non se dictou un Regulamento deste servizo.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

1ª.- A do Concelleiro do PP, D. José Joaquín Gayoso Roca, que dí que antes da exposición ao público do texto do dito Regulamento conviría, ao seu entender, corrixir, entre outras, as referenzas á Comisión de Goberno por denominarse na actualidade Xunta de Goberno, así como o contido do punto 1 do artigo corenta e dous que cita “o cadro de prazos autorizado pola Comisión de Goberno”, cando tería que dicir “cadro de prezos autorizado pola Ordenza fiscal”. Igualmente, cita a esixencia que contempla da inscrición de servidumes no Rexistro da Propiedade, cando dí, se sabe das escasas anotacións que se producen nese Rexistro nesta Comunidade Autónoma.

2ª.- A do Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que dí lle parece estrano que na carátula do proxecto deste Regulamento figure o nome e o símbolo de empresa concesionaria do servizo.

Non se producen outras intervencións, polo que se procede a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Regulamento do Servizo de Abastecemento de Auga e Saneamento, coas correccións ditas, texto que se achega como anexo a esta acta.

2º.- Publicar edicto no Boletín Oficial da Provincia, incluíndo o texto íntegro do Regulamento, para a súa exposición ao público polo prazo de trinta días.

6º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE DICTAME Á RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DE CAMIÑO EN CABEIRA, CHAVÍN.

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, dáse lectura do dictame favorable emitido pola Comisión de Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente que informa favorablemente a resolución do expediente, baseado no informe emitido polo Técnico de Administración Xeral, que a seguir le e textualmente dí:



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

“1º.- Dona Teresa Geadá Vidal solicita mediante escrito presentado o día 22 de agosto de 2003 -núm. de entrada 2857- anulación nos planos catastrais e municipais de camiño en Chavín, sito no lugar de Cabeira e que atravesá a parcela da súa propiedade localizada no polígono 52 do catastro de rústica e con número de parcela 281.

Ante esta solicitude emítese certificado do Inventario de Bens Municipais no que se especifica que o camiño sito no lugar de Cabeira, parroquia de Sta. María de Chavín, non existe como tal no Inventario de Bens Municipais.

2º.- Posteriormente Dona Teresa Geadá Vidal solicita licenza de obra –registro de entrada 2003/256- o día 28 de setembro de 2003 para peche de finca da súa propiedade mediante colocación de estacas de madeira e posterior colocación de rede metálica, nunha extensión total de 150 metros lineais, levando unha altura de 1 metro, indicándose que “o peche non dá fronte a estrada nin a pista municipal”.

3º.- Figura no expediente de solicitude Informe da Policía Local do día 9 de setembro de 2003, que ademais de testemuñar que a obra atópase totalmente realizada, sinala:

“.....

Segundo manifestacións dun veciño este camiño é de uso público desde sempre, e o dono da finca manifesta que se utilizaba como camiño sen ser este recoñecido como público.

Como apreciación da Policía o camiño está perfectamente marcado e ten acceso e saída a pistas públicas descoñecendo si é de uso público ou privado.

.....”

5º.- A Xunta de Goberno Local do 15 de marzo de 2004 acorda deixar pendente a solicitude de licenza de obra núm. 2003/256 entremetres non se resolva o expediente de investigación da titularidade do mencionado camiño.

6º.- Logo da notificación e publicación do inicio do expediente, dentro do prazo de alegacións, o día 24 de maio de 2004 Dona Josefa Dopico Romeo e Don Nivardo López López presentan escrito onde achegan documentación para engadir ao expediente consistente en escritura e declaración asinada por testemuñas relativas á existencia do camiño.

7º.- O día 24 de maio de 2004, dentro do mesmo trámite, Dona Teresa Geadá Vidal presenta escrito de alegacións reiterándose no escrito presentado o día 22 de agosto de 2003, así como na documentación que volve a presentar acompañada de testamento, declaracións de veciños e fotografías.

8º.- Consta no expediente informe do arquitecto redactor do Inventario de Bens Municipais de Viveiro onde dí que logo da comprobación in situ co fin de analizar a morfoloxía que presenta o susodito camiño e da comprobación da titularidade mediante estudo das escrituras que achegan os propietarios lindeiros co camiño, de to cando se reflecta no informe **ESTA CLARAMENTE DOCUMENTADA A EXISTENCIA DO CAMIÑO SITO LUGAR DE CABEIRA, PARROQUIA DE CHAVÍN, E A SÚA TITULARIDADE PÚBLICA.**



9º.- Finalmente puxo o expediente de manifesto aos interesados para alegacións, sendo presentada por Dona Teresa Geada Vidal o día 10 de xaneiro de 2005 onde sinala o erro cometido polo Arquitecto redactor do Inventario de Bens Municipais no seu informe á vez que non o acepta, solicitando recoñecemento in situ polos propietarios e técnicos municipais para aclaración dos elementos determinantes do expediente.

En relación co manifestado no expediente consta a comprobación in situ realida polo Arquitecto redactor do Inventario de Bens Municipais, así como a comprobación documental achegada polas partes interesadas así como polo resto de propietarios lindeiros co camiño.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Seguíuse na tramitación do expediente o procedemento establecido no artigo 44 e ss do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986.

Segundo.- Consonte o artigo 34 e 53 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, o Pleno da Corporación é competente para a aprobación, rectificación e comprobación do Inventario de Bens Municipais.

Por todo o que antecede, elévase perante a Xunta de Goberno o seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Declarar a titularidade pública do camiño sito no lugar de Cabeira, parroquia de Chavín, segundo queda reflectido no informe do Arquitecto redactor do Inventario de Bens Municipais.

SEGUNDO.- Proceder á inclusión do camiño sito no lugar de Cabeira, parroquia de Chavín, no Inventario de Bens Municipais, logo da taxación da finca e da adopción de calquera outra medida tendente á súa efectividade.”

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda:

PRIMEIRO.- Declarar a titularidade pública do camiño sito no lugar de Cabeira, parroquia de Chavín, segundo queda reflectido no informe emitido polo Arquitecto redactor do Inventario de Bens e Dereitos Municipais.

SEGUNDO.- Proceder á inclusión do Camiño sito no lugar de Cabeira, parroquia de Cahvín, no Inventario de Bens municipais, logo da taxación da finca e as operacións de deslinde que procedan.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como ao departamento de Obras e Urbanismo, á funcionaria encargada do Inventario de Bens e Dereitos Municipais, D^a. María del Carmen Vale González e a D. Santiago Meitín Míguez, Arquitecto redactor do dito Inventario.



7º.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DA DESIGNACIÓN DE MEMBRO DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER.

Polo Sr. Alcalde expónse que houbo unha modificación nos componentes do dito Concello Municipal da Muller e a seguir da lectura da proposta.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda aprobar a proposta que, literalmente, dí:

“1) Constitución e aprobación da composición do propio Consello Municipal da Muller.

Segundo se reflicte no artigo II do Regulamento do Consello Local da Muller acordase establecer a seguinte composición do Consello Local da Muller:

Presidente:

D. Melchor Roel Rivas

Concelleira Delegada da Muller:

Dna. Rebeca Fernández Martínez

Representantes dos Grupos Municipais:

Dna. Sara Trabada Blanco (IU-EU)

Dna. Marta Pérez Lage (PP)

Dna. María do Mar Chaves Álvarez (BNG)

Dna. Lidia Ferro Pérez (PS de G-PSOE)

Representantes das Asociacións de Mulleres:

Dna. Liduvina Campoamor Sánchez (AGARIMO)

Dna. M^a. Carmen Saavedra Lage (AS ANGUEIRAS)

Dna. M^a. Carmen Carballeira Rodríguez (LAR SANTA ANA)

Dna. M^a. Jesús Canoura Rodríguez (ABRENTE)

Representantes sindicatos:

Dna. Concepción Ramos Cao (CCOO)

Dna. Zulia Canoura Díaz (CIGA)

Representantes Asociacións Veciños:

Dna. Ana M^a Pérez Fra (Asoc. Celeiro)

Dna. Jesusa Antonio Rivas Taboada (Asc. Vieiro)

Dna M^a Nieves Fraga Corbelle (Asoc. San Pedro)

Representante Servizo Galego para a

Promoción da Igualdade do Home e da Muller:

Dna. Coro Piñeiro Vázquez.”

Comuníquese o presente acordo á persoa encargada da Oficina Municipal de Información á Muller, así como á Concelleira-Delegada, D^a. Rebeca Fernández Martínez.

8º.- DACIÓN DE CONTA DE SEPARACIÓN DE SERVIZO, COMO CONSECUENCIA DO EXPEDIENTE INCOADO AO AXENTE DA POLICÍA LOCAL.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Polo Sr. Alcalde maniféstase que de conformidade có disposto na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local no seu artigo 21.1 procede a dar conta da Resolución dictada pola Alcaldía, previa a tramitación do expediente disciplinario preceptivo, indicando que a referida resolución impón a sanción de separación do servizo por falta moi grave ao Axente de Policía Local deste Concello, D. Manuel Carmelo Vázquez Rodríguez, sinalando que dita resolución dictouse de conformidade coa proposta de resolución elevada á Alcaldía polo Instructor do expediente disciplinario.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda quedar informado da separación do servizo do referido Axente de Policía Local.

Dáse traslado deste acordo ao interesado, así como ao departamento de Persoal e á Xefatura de Policía Local.

9º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, maniféstase que se dictou unha resolución para indicar que as mocións presentadas polo Partido Popular, nas datas de 21 de decembro e 13 febreiro, e referidas ao asunto do Corredor non se traen á espera de que se tome un acordo sobre a dita vía de comunicación e se convocaría unha sesión monográfica sobre o asunto, xa que, continúa dicindo que as posturas da Xunta variaron desde os inicios das conversas do Concello co Organismo competente e que nestes momentos estase a debater esa cuestión, polo que ata que non se produza un acordo ou non se rompa a negociación non se tratará nun Pleno.

En contestación o Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, manifesta que se a moción que se presentou en decembro se lle contestase có Decreto antes de agora pareceríalle máis lóxico e que o desacordo respecto o cauce de Magazos sempre existiu e que agora continúa.

Polo Sr. Alcalde, contéstase que o acordo que existe non se parece ao que o Partido Popular admitiu e que desde o 25 de decembro, pola Xunta fixéronse variacións.

Finalmente, o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, pregunta porque non se incluíu na Orde do Día a moción de Plataforma polas Infraestructuras de Mariña.

Contestándolle o Sr. Alcalde que se incluírá noutra sesión plenaria ao igual que a do PP sobre o ICO.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda quedar informado.

10º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO NÚM. 2 DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DA NOVA CASA CONSISTORIAL.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, dáse lectura do dictame favorable emitido pola Comisión de Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente que dí:

“O Sr. Alcalde da conta da documentación existente no expediente, da que deriva a necesidade de acometer a contratación das obras de Modificado nº 2 da nova Casa Consistorial de Viveiro, segundo proxecto redactado polo Arquitecto D. Alfredo Freixedo Alemparte, cun orzamento de 1.330.433,08 euros, IVE incluído. Para o financiamento das devanditas obras o Concello dispón dun compromiso de subvención da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia que ascende a 120.202,42 euros. Asimesmo, o Alcalde manifesta que se vai aportar por parte da Xunta de Galicia, para a presente anualidade, a cantidade de 85.000 euros máis. Por outra banda, dí que o Concello aportará, con cargo ao seu orzamento, a cantidade de 414.541,12 euros. Polo tanto, o importe a contratar no ano 2005 é de 619.743,54. O resto, por importe de 710.689,54 euros, será acometido nos anos 2006 e 2007, nas contías que, en función das achegas que se obteñan e dos fondos propios que se poidan dotar nos orzamentos, se reflectan nos futuros presupostos.

A Comisión informativa, por unanimidade, dictamina favorablemente a contratación do proxecto modificado nº 2 da nova Casa Consistorial, segundo proxecto redactado polo arquitecto D. Alfredo Freixedo Alemparte, cun orzamento de 1.330.433,08 euros, que comprende o dictame favorable aos seguintes acordos:

- 1º.- Aprobación do proxecto.
- 2º.- Aprobación do Prego de Cláusulas administrativas.
- 3º.- Aprobación do gasto plurianual.”

Aberta a quenda de intervencións prodúcese, en primeiro lugar, a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que formula a seguinte pregunta: ¿aquí que se vai a contratar? Indicando, a seguir, se é a inversión polo importe de 414.000 €xa que manifesta que ao atoparse prorrogado o Orzamento do Concello e a subvención é da Xunta de Galicia correspondente á anualidade do 2004 ...

En contestación o Sr. Alcalde dí que cos 414.000 € pagouse a liquidación á Empresa que era adxudicataria, indicando que o Concello devolveu á Xunta de Galicia un importe de 60.000 € pois non se podía considerar un acopio de materiais por dita cantidade, e sinala que desde o punto de vista da legalidade existe consignación económica para a aprobación deste expediente e do correspondente Prego de prescricións.

Polo Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, máis o Concelleiro de dito grupo, D. Guillermo Leal Arias, sinálanse as súas reticencias á existencia de consignación para a contratación en tanto se atope o Orzamento do derradeiro ano prorrogado.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda:

Aprobar o Prego de prescricións administrativas e económicas, que se transcribe a continuación, que rexirán a contratación, manifestando o Voceiro do PP, Sr.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

Aja Mariño, o voto contrario do seu grupo ao proxecto e contratación plurianual, polas dúbidas suscitadas en canto á consignación orzamentaria:

“

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES REGULADOR DA ADXUDICACIÓN, MEDIANTE CONCURSO EN PROCEDIMENTO ABERTO, DO CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA EXECUTAR A OBRA “PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DA NOVA CASA CONSISTORIAL”.

CAPÍTULO PRIMEIRO DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1.- OBXECTO DO CONTRATO.

1.- O presente prego ten por obxecto contratar a obra “proxecto modificado nº 2 da nova casa consistorial”, segundo o proxecto redactado polo Arquitecto Alfredo Freixedo Alemparte

2.- Esta contratación ten carácter administrativo, polo que se rexerá, no non especificamente previsto neste prego, polo disposto no proxecto e no Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, que aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP); polo disposto no Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro; así mesmo, estarase ó disposto na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA) e demais normativa autonómica de aplicación; supletoriamente, estarase ó estipulado nas disposicións de carácter administrativo que resulten aplicables; en defecto delas, actuarase segundo as normas de dereito privado.

3.- O contrato adxudicarase por concurso en procedemento aberto, segundo o disposto nos artigos 73.2, 74.3, 85 e seguintes do TRLCAP.

ARTIGO 2.- ORZAMENTO DO CONTRATO.

1.- O orzamento do contrato é de un millón trescentos trinta mil catrocentos trinta e tres euros con oito céntimos (1.330.433,08 €), de acordo coa seguinte desagregación:

Orzamento de execución material:	886.184,53 €
Gastos xerais:	150.651,37 €
Beneficio industrial:	53.171,07 €
Dirección obra	49.718,10 €
Coordinación seguridade e saúde	7.200,00 €
IVE:	183.508,01 €

2.A tódolos efectos, entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden o IVE e os demais tributos que lles sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes.

3.Para o financiamento da obra o Concello aportará, con cargo ó seu orzamento, a cantidade de 417.041,12 €uros, ademais de dispoñer dun compromiso de subvención da



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es
Consellería de Presidencia de Xunta de Galicia por importe de 120.202,42 €uros, xunto a unha nova achega da Xunta de Galicia de 82.500 €uros, todo isto para a presente anualidade.

O resto, por importe de 713.189,54 €uros será acometido nos anos 2006 e 2007 nas contías que, en función das achegas que se obteñan e dos fondos propios que se poidan dotar nos orzamentos, se reflecten nos futuros presupostos.

ARTIGO 3.- PRAZO DE EXECUCION.

O prazo de execución do contrato será de dous (2) anos, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo, agás que existan reservas fundadas que impidan o seu comezo. O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vigente.

ARTIGO 4.- EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO.

Tódolos documentos integrantes do expediente de contratación poderán ser examinados polos interesados no Negociado de Urbanismo e Contratación do Concello en horario de 9,00 a 14,00 horas, dende a publicación da convocatoria ata o derradeiro día de presentación de proposicións.

ARTIGO 5.- CLASE DE TRAMITACIÓN.

Urxente, segundo o establecido no artigo 71 do TRLCAP. A tramitación urxente está xustificada por razóns de necesidade inaplazable do comezo das obras, por canto a partida orzamentaria inicial para a realización do contrato provén de incorporación de créditos do ano 2004, tendo, ademáis, que xustificar o resto da anualidade actual, que provén de subvencións da Xunta de Galicia, antes do remate do presente exercicio. Así pois, tendo en conta que pola contía do contrato e o cumprimento das anualidades previstas, e dado a data en que nos atopamos, queda sobradamente xustificada a urxencia do expediente.

CAPÍTULO SEGUNDO ACTOS PREPARATORIOS

ARTIGO 6.- EMPRESAS LICITADORAS.

1.- Están capacitados para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade xurídica e de obrar e acrediten solvencia económica, financeira e técnica nos termos dos artigos 15, 16 e 17 do TRLCAP, e non estean afectados por ningunha das circunstancias que enumera o artigo 20 do mesmo texto legal como prohibitivas para contratar.

2.- No suposto de persoas xurídicas dominantes dun grupo de sociedades, poderase ter en conta ás sociedades pertencentes ó grupo para acreditar a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, ou, no seu caso, á persoa xurídica dominante, sempre e cando esta acredite que ten efectivamente á súa disposición os medios das devanditas sociedades necesarios para a execución do contrato.

3.- Poderán presentar proposicións as unións de empresas que se constituían temporalmente para os efectos. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional,



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

coa presentación da documentación á que fan referencia os artigos seguintes. A duración das unións temporais de empresarios será coincidente coa do contrato, ata a súa extinción.

Nun documento privado indícanse: os nomes e circunstancias dos empresarios que asinen a proposta, a participación de cada un deles e o nome da persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, vai ostentar a plena representación de todos eles fronte á administración. O devandito documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión. Estas unións temporais non se haberán de formalizar en escritura pública ata despois de que se tivera efectuado a adxudicación en favor seu.

4.- A presentación de proposicións presume a aceptación incondicionada por parte do empresario dos artigos deste prego, sen salvidade ningunha, e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa administración.

ARTIGO 7.- ANUNCIO.

O anuncio do concurso en procedemento aberto ó que se refire este prego publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

ARTIGO 8.- GARANTÍA PROVISIONAL.

Os licitadores haberán de constituír unha garantía provisional por importe de vinteseis mil seiscentos oito euros con sesenta e seis céntimos– 26.608,66 € (2% do orzamento do contrato), a cal poderase constituír en calquera das formas previstas no artigo 35 do TRLCAP.

No caso de unións temporais de empresarios, a garantía provisional poderá constituírse por unha ou por varias das empresas participantes na unión, sempre que en conxunto se acade a contía requirida no artigo 35.1 do TRLCAP.

ARTIGO 9.- PROPOSICIÓNS: TAXAS.

As proposicións non serán admitidas sen o aboamento previo da taxa por documentos que expida ou de que entenda a administración ou as autoridades locais, por pedimento de parte, de acordo co disposto no epígrafe sexto da ordenanza fiscal nº 4 do Concello. O importe da taxa é de douscentos vintecatros euros con noventa céntimos(224,90 €), e o seu aboamento farase efectivo do xeito seguinte:

- a) Pagamento en efectivo no Servizo de Recadación municipal, no que lle facilitarán o importe da taxa en selos municipais para a súa adhesión a calquera dos sobres a presentar.
- b) En caso de presentación da proposición por correo, as taxas poderanse aboar mediante xiro postal, transferencia bancaria ó nº de conta 2100-4330-62-0200001100 da entidade financeira “La Caixa”, ou cheque conformado a nome do Excmo Concello de Viveiro, incorporando á documentación administrativa o xustificante do ingreso. Neste suposto, será o Concello quen, de oficio, adherirá os selos ó sobre.

ARTIGO 10.- PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN.

As proposicións constarán de tres sobres pechados nominados A, B e C; cada un deles presentará na súa parte externa os seguintes datos:

- 1.- A identificación do licitador (nome do representante, denominación e domicilio social da entidade, teléfono e fax).



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

2.- A inscrición: Proposición para contratar a obra “proxecto modificado nº 2 da nova casa consistorial”.

3.- O subtítulo que de seguido se especifica.

A) O sobre A, subtítulado "documentación administrativa", incluirá no seu interior:

1.- Documento ou documentos acreditativos da personalidade do empresario e a representación, no seu caso, do asinante da proposición, consistentes:

a) Empresario individual: Copia autenticada do NIF ou pasaporte.

b) Persoas xurídicas

1) Segundo a nacionalidade da entidade:

1.1) Empresas españolas:

Copia autenticada da escritura de constitución ou modificación, se procede, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable; se non o fose: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

1.2) Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea:

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións ás que fai referencia o Anexo I do Real decreto 390/19-96, de 1 de marzo, para o contrato de obras.

1.3) Empresas non españolas de estados asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega):

A capacidade de obrar das empresas destas nacionalidades acreditarase mediante a inscrición nos rexistros profesionais ou comerciais, o coa presentación das certificacións indicadas no Anexo I do Real decreto 390/1996, de acordo coa natureza deste contrato.

1.4) Restantes empresas estranxeiras:

A capacidade das empresas estranxeiras non comprendidas nas alíneas anteriores acreditarase mediante certificación expedida pola respectiva representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figura inscrita no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto, que actúa con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. Ademais:

1.4 a) Se a empresa é dun país sinatario do acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio, deberase achegar un informe da representación diplomática española sobre a condición de Estado sinatario do devandito acordo.

1.4 b) Se a empresa non é dun país sinatario do devandito acordo, deberase achegar o informe de reciprocidade, emitido pola respectiva representación diplomática permanente española, ó que se refire o artigo 23.1 do TRLCAP, relativo a que o Estado de procedencia da



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente semellante.

- 2) Fotocopia autenticada da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF).
- 3) Fotocopia autenticada do NIF ou pasaporte do asinante da proposición.
- 4) No caso de concorrer á licitación varias empresas, constituíndo unha unión temporal, estarase ó disposto no artigo 6.3 deste prego.

2.- En calquera caso, os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, deberán presentar un poder bastante para os efectos. Se o licitador fose unha persoa xurídica, o apoderamento deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder para un acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo co artigo 94.5 do Regulamento do rexistro mercantil.

3.- Declaración xurada outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, na que se faga constar que a persoa física ou xurídica interesada ten plena capacidade de obrar e non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 20 do TRLCAP.

4.- Declaración xurada outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, na que se faga constar que a persoa física ou xurídica se atopa ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social impostas polas disposicións vixentes.

5- Xustificante de estar dado de alta no imposto sobre actividades económicas do municipio do domicilio fiscal, ou en cotas provinciais ou nacionais, no epígrafe que lle faculte para contratar.

6.- Resgardo acreditativo de ter constituída a favor do Concello garantía provisional polo importe referido neste prego

7.- Os seguintes documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica:

-Certificado de clasificación no grupo, subgrupo e categoría seguintes:

Grupo C; categoría e

8.- As empresas estranxeiras achegarán unha declaración expresa de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, o foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidera corresponder.

9.- As empresas estranxeiras non comunitarias, ademais, deberán acreditar que teñen aberta unha sucursal en España, coa designación dos apoderados ou representantes para as súas operacións, inscrita no Rexistro Mercantil.

10.- Unha relación de empresas vinculadas, nos termos previstos no artigo 134 do TRLCAP.



B) O sobre B, coa lenda "Plan de execución", conterá a seguinte documentación:

1.- Programa de construción das obras que asegure a súa execución nos prazos sinalados (total e parciais), con descrición das previsións de tempo e custes nun diagrama de barras obtido nun estudo de tempos-actividades. Achegarase memoria na que se describa pormenorizadamente a execución dos traballos.

2.- Proposta de redución de prazos de execución. Para ser valorada positivamente deberá significar unha vantaxe nos plans da Administración.

3.- Relación de equipos, maquinaria, e medios auxiliares que a empresa se compromete a poñer a disposición da obra para que executar os distintos traballos e compromiso de mantelos ou incorporalos a ela sempre que sexan requeridos pola dirección facultativa.

Esta relación deberá ser suficiente para o normal desenvolvemento e remate da obra nas condicións e prazos ofertados.

4.- Programa debidamente xustificado de control interno de calidade que vai desenvolver a empresa durante a execución das obras. Este programa é independente do programa de control de calidade que realice a Administración.

C) O sobre C, denominado "Proposición económica", terá o seguinte contido:

Proposición económica, conforme o seguinte modelo:

D/D^a, maior de idade, veciño/a de, con domicilio para os efectos de notificacións en, provisto/a do CIF nº, núm de tfno....., núm. de fax, en nome propio (ou en representación de), enterado/a do procedemento incoado polo Concello de Viveiro para adxudicar, mediante concurso urxente en procedemento aberto, a obra "proyecto modificado nº 2 da nova casa consistorial", tomo parte nela e declaro a miña conformidade con tódolos requisitos que se esixen para realizar o contrato, así como co prego de cláusulas administrativas, co proxecto de obra e co estudio de seguridade e saúde que rexen a contratación, e comprométome a realizar as obras por un prezo de (en letras maiúsculas e número) euros, IVE incluído.

(Data e firma do licitador)

Cada licitador unicamente poderá presentar unha proposición. Tampouco se poderá subscribir ningunha proposta de unión temporal con outros se se presenta individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal.

ARTIGO 11.- DOCUMENTOS: ORIXINAIS E COPIAS.

Os documentos que se acheguen coa proposición haberán de ser orixinais. Malia o antedito, admitiranse fotocopias autenticadas por notario ou funcionario público competente

ARTIGO 12.- PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

1.- As proposicións presentaranse no Rexistro xeral do Concello, enmán, de 9,00 a 14,00 horas, durante os 13 días naturais seguintes á publicación do anuncio no derradeiro dos boletíns oficiais. No caso de que o día decimoterceiro coincida en sábado, domingo ou festivo, entenderase o prazo prorrogado ata o día laborable seguinte.



2.- Tamén poderán presentarse proposicións por correo; neste caso, o interesado deberá acreditar, no resgardo correspondente, o día e hora de presentación do envío na Oficina de Correos e anunciar o mesmo día ó órgano de contratación a remisión da proposición, ben por fax, ó núm. 982.56.11.47, ou ben mediante correo electrónico, á dirección viveiro@fegamp.es. Sen cumprir tales requisitos non será admitida ningunha proposición que se reciba fóra do prazo fixado no anuncio de licitación.

En calquera caso, transcorridos dez días desde o remate do prazo de presentación, non se admitirá ningunha proposición enviada por correo.

3.- A presentación de proposicións presume a aceptación incondicionada por parte do empresario das cláusulas deste prego, así como do de prescricións técnicas, sen salvidade ningunha, e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa administración.

4.- Unha vez presentada unha proposición non poderá ser retirada baixo ningún pretexto, agás o disposto no artigo 83.1 do TRLCAP.

ARTIGO 13.- MESA DE CONTRATACIÓN.

A Mesa de Contratación estará constituída do xeito seguinte:

Presidente:

Melchor Roel Rivas –Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Viveiro-, ou membro da Corporación en quen delegue.

Vocais:

Antonio Solla Díaz – en representación do PP-, ou membro da corporación que o substitúa
José Antonio Goás Basanta – en representación do BNG-, ou membro da corporación que

o

substitúa

Orlando Expósito Mariño – en representación de IU-EU-, ou membro da corporación que

o

substitúa

Sara Martínez Álvarez - Secretario Xeral da Corporación, ou quen legalmente a substitúa

Alfonso Tenorio Aranguren – Técnico Municipal, ou quen legalmente o substitúa

Secretario:

Gonzalo A. López-Santos Rubal -Técnico de Urbanismo e Contratación ou persoal municipal que o substitúa

ARTIGO 14.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL.

1.- Rematado o prazo de presentación de proposicións, a mesa de contratación cualificará a documentación xeral presentada polos licitadores no sobre A, en sesión non pública.

2.- Se a Mesa de Contratación observase defectos materiais na documentación presentada, poderá conceder, se o estima conveniente, un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador os emende.

3.- Se a documentación contivese deficiencias substanciais, ou defectos materiais non emendables, rexeitarase a proposición.



ARTIGO 15.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

1.- A mesa de contratación, en acto público que terá lugar no salón de sesións da casa do Concello, na día e hora que con antelación suficiente se lle comunique ós licitadores, dará conta do resultado da cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores, con indicación dos que quedaron excluídos e das causas de exclusión, e invitará ós asistentes a formular observacións, as cales se recollerán na acta.

2.- De seguido, o presidente da mesa procederá á apertura dos sobres B e C e dará lectura das proposicións presentadas; antes de formular a proposta de resolución a mesa de contratación poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos e se relacionen co obxecto do contrato, de acordo co disposto no artigo 82 do TRLCAP, e elevará ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato ó postor que no seu conxunto faga a proposición máis ventaxosa. A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do empresario proposto, mentras non exista acordo do órgano de contratación.

ARTIGO 16.- CRITERIOS DE ADXUDICACION.

Os criterios que haberán de servir de base para a adxudicación, enumerados en orden decrecente, son os que seguen:

- | | |
|--|---------------|
| 1.- Proposición Económica | Ata 5 puntos. |
| 2.- Oferta de control interno de calidade | Ata 3 puntos. |
| 3.- Reducción de prazos na execución da obra | Ata 1 punto. |
| 4.- Relación de equipos, maquinaria e medios auxiliares postos a disposición da obra | Ata 1 punto. |

Proposición económica: Só se puntuarán para este concepto as ofertas comprendidas entre o tipo de licitación e a porcentaxe máxima admitida para a consideración como baixa temeraria, segundo o disposto no artigo 83 do TRLCAP, e no artigo 85 do RXLCAP, polo que os puntos a atribuír a cada oferta determinarase linealmente en función de su maior o menor proximidade á consideración da baixa temeraria.

Non obstante, o órgano de contratación poderá, logo dos informes e na forma establecido no artigo 19, valorar as ofertas incursas en baixas desproporcionadas ou temerarias.

Os restantes criterios de adxudicación valoraranse consonte as determinacións establecidas no sobre de referencias técnicas.

ARTIGO 17.- ACORDO DE ADXUDICACION E PRAZO.

1.- A Xunta de Goberno Local, logo dos informes técnicos que estime convenientes, terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos neste prego, e, polo tanto, sen atender exclusivamente ó seu valor económico, ou declarar deserto o concurso. A resolución haberá de ser motivada, en tódolos casos.

2.- O acordo de adxudicación deberá adoptarse no prazo máximo de tres meses, a contar desde a apertura de proposicións.. De non dictarse o acordo de adxudicación dentro de prazo, os empresarios admitidos a concurso terán dereito a retirar a súa proposición e a que se lles devolva ou cancele a garantía que tiveran prestado.



ARTIGO 18.- DOCUMENTACIÓN.

Antes da adxudicación do contrato concederáse ó empresario proposto un prazo de cinco días hábiles para presentar unha certificación administrativa expedida polo órgano competente, acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias coas facendas estatal e local e coa seguridade social.

ARTIGO 19.- BAIXA TEMERARIA.

1.- Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición económica non poderá ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou temerarias, notificará esta circunstancia ós licitadores que presuntamente incorreron nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas baixas. A xustificación realizada polos licitadores remitirase ós servicios técnicos co fin de que emitan o correspondente informe. Cando as circunstancias concorrentes así o aconsellen, poderase ademais solicitar un informe da xunta consultiva de contratación administrativa.

2.- O carácter desproporcionado ou temerario das baixas apreciarase de conformidade co disposto no artigo 83 do TRLCAP, e no artigo 85 do RXLCAP.

**CAPÍTULO TERCEIRO
FORMALIZACIÓN**

ARTIGO 20.- GARANTÍA DEFINITIVA.

1.- Notificada a adxudicación do contrato, o contratista estará obrigado a constituír, no prazo de quince días naturais, unha garantía definitiva por importe do 4% do importe de adxudicación. A garantía poderase constituír en calquera das formas establecidas no artigo 36 do TRLCAP, cos requisitos establecidos no artigo 15 e seguintes do Real decreto 390/1996, de 1 de marzo, ou mediante unha garantía global, cos requisitos establecidos no artigo 36.2 do TRLCAP. De non cumprir este requisito por causas que lle sexan imputables, declararase resolto o contrato.

2.- No suposto de adxudicación a un empresario a proposición do cal estivera incurso inicialmente en presunción de temeridade, o órgano de contratación esixirá ó contratista a constitución dunha garantía definitiva polo 20% do importe de adxudicación, que substituirá á do 4%. Para a súa cancelación estarase ó disposto no artigo 47 do TRLCAP.

3.- A garantía definitiva responderá dos conceptos mencionados no artigo 43 do TRLCAP.

4.- A devolución e cancelación de garantías efectuarase de conformidade co disposto no artigo 47 do TRLCAP.

ARTIGO 21.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1.- A Administración e o contratista deberán formaliza-lo contrato en documento administrativo dentro dos 30 días seguintes ó de notificación da adxudicación.

Malia o antedito, o contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a pedimento do contratista e a súa custa.

No caso de que as obras foran adxudicadas a una unión temporal, as entidades integrantes deberán acredita-la súa constitución en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización e achega-lo NIF atribuído á agrupación.



2.- O contratista, ademáis do contrato, deberá asinar este prego.

3.- Os dereitos e as obrigas derivadas deste contrato poderán ser cedidos a un terceiro, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 114 do TRLCAP.

ARTIGO 22.- GASTOS DE ANUNCIOS E TRIBUTOS.

O contratista virá obrigado a sufragar tódolos gastos de publicación dos anuncios de licitación e dos de adxudicación da obra nos diarios oficiais e nos medios de comunicación. Así mesmo, deberá pagar tódolos impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que graven o contrato

CAPÍTULO CUARTO EXECUCIÓN DAS OBRAS

ARTIGO 23.- RISCO E VENTURA.

O contrato executarase a risco e ventura do contratista, sen prexuízo do establecido no artigo 144 do TRLCAP e 146 do RXLCAP.

ARTIGO 24.- EXECUCIÓN DAS OBRAS.

As obras executaranse con estricta suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e consonte ó proxecto aprobado pola administración e ás instrucións que, en interpretación técnica del dese ó contratista o director da obra. Cando ditas instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito o máis axiña posible para que vinculen ás partes.

ARTIGO 25.- PRAZO.

O prazo xeral de execución da obra será o que se fixe na proposición elixida pola administración. Os prazos parciais determinaranse no programa de traballo ó que se fai referencia no artigo 27.

ARTIGO 26.- ACTA DE COMPROBACIÓN DO REPLANTEO.

Dentro do mes seguinte ó da sinatura deste contrato, efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que o Concello sinala. O contratista, logo da notificación en tal sentido, está obrigado a acudir ó acto e a subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 142 do TRLCAP.

ARTIGO 27.- PROGAMA DE TRABALLO.

O contratista deberá presentar no prazo dun mes, que comezará a contar desde a notificación da adxudicación, un programa de traballo nos termos previstos no artículo 144 do RXLCAP. Este prazo poderá prorrogarse cando concorra algunha circunstancia que o xustifique.

A acta de comprobación do replanteo e os prazos parciais que procedan fixaranse ó aproba-lo programa de traballo e entenderanse como integrantes do contrato para os efectos da súa esixibilidade.



ARTIGO 28.- COMEZO DAS OBRAS.

As obras deberán iniciarse dentro dos quince días seguintes ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

ARTIGO 29.- OCUPACIÓN DE TERREOS.

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

ARTIGO 30.- OBRIGAS DO CONTRATISTA DE CARÁCTER ESPECÍFICO.

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, o contratista queda especificamente obrigado:

- 1) Ó cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo, en particular, tódala normativa referente á adopción de medidas que garantan a seguridade e saúde dos traballadores.
- 2) A instalar, a súa custa, o cartel anunciador das obras, o cal haberá de manterse ata que se produza a devolución da garantía definitiva; así mesmo, haberá de instalar os sinais precisos para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupen os traballos e os puntos de posible perigo debido á marcha daqueles, tanto na devandita zona, como nos seus límites e inmediacións, coa adopción de tódalas precaucións precisas desde o comezo das obras ata o seu total remate. O contratista será persoalmente responsable dos accidentes motivados polo incumprimento desta cláusula.
- 3) A levar os libros de ordes e incidencias, previamente dilixenciados, de conformidade coas disposicións contidas nas cláusulas 8 e 9 do Prego de condicións xerais para a contratación de obras do Estado.

ARTIGO 31.- DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS.

1.- O contratista deberá executar a obra con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e en toda a documentación que o integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos obrigatorios. Así mesmo, deberá empregar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

2.- O contratista só pode empregar os materiais na obra logo do exame e aceptación polo técnico-director, nos termos e formas que este sinale. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ó seu exame, deberá comunicalo por escrito ó contratista, con indicación das causas que motiven tal decisión.

3.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva, o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houbera, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinaran ou recoñeceran, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que fosen incluídos estes e/ou aqueles nas medicións e certificacións parciais.

4.- Se se advirten vicios ou eivas na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, o derrubamento e a



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

reconstrucción das unidades de obra nas que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comproba-la existencia de tales defectos ocultos.

ARTIGO 32.- DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DAS OBRAS.

A dirección e inspección das obras corresponderá ó técnico-director delas, o cal dictará as instrucións necesarias ó contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no libro de ordes. Malia o antedito, o Alcalde poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar ditas funcións a Concelleiros ou técnicos ó servizo da Corporación.

ARTIGO 33.- RESPONSABILIDADE. DANOS.

O contratista será responsable de tódolos danos e perdas de calquera natureza que se ocasionen a persoas ou bens polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados, agás cando tales danos e perdas se producisen como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración.

ARTIGO 34.- REVISIÓN DE PREZOS.

O réxime xurídico da revisión de prezos será o establecido nos artigos 103 a 108 do TRLCAP,e artigos 104, 105 e 106 do RXLCAP. Ata tanto non se aproben as fórmulas tipo para a revisión de prezos, seguirán aplicándose as aprobadas polo Decreto 3650/1970, de 19 de decembro, complementado polo Real decreto 2167/1981, de 20 de agosto, sen que resulte aplicable o sumando fixo (0,15) que figura nelas.

ARTIGO 35.- CONTROL DE CALIDADE.

1.- A dirección poderá ordenar que se verifiquen os ensaios e as análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes. Os gastos que se orixinen serán de conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de contrata da obra, IVE incluído.

2.- A dirección fixará o número, forma, dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para os ensaios e as análises, no suposto de que non exista disposición xeral para o efecto.

ARTIGO 36.- DEREITOS DO ADXUDICATARIO.

- a) Dereito ó aboamento da obra que realmente execute, consonte ás cláusulas deste prego, dentro do termo máximo de dous meses, a contaren desde a expedición da certificación ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.
- b) Dereito a cobrar o xuro legal incrementado en 1,5 puntos sobre as cantidades adebedadas se a Administración demorase o pagamento do prezo computado a partir do cumprimento do prazo de dous meses. Malia o indicado na alínea anterior, no suposto de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise a súa existencia no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito, o prazo para esixir os intereses de demora non se iniciará ata que se emenden as eivas que presentase a



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

certificación, computándose, polo tanto, o prazo para esixir o xuro legal a partir da expedición da certificación emendada.

O disposto nas dúas alíneas anteriores enténdese sen prexuízo do disposto no artigo 36 deste prego.

- c) Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no suposto de que a demora de pago fose superior a catro meses, coa obriga de comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que puideran derivarse da dita suspensión, nos termos establecidos no TRLCAP.
- d) Dereito a resolver o contrato e ó resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da Administración fose superior a oito meses.
- e) Dereito a transmitir os dereitos de cobro, nos termos do artigo 100 do TRLCAP.
- f) Os demais que expresamente lle atribúa o TRLCAP e a restante normativa de aplicación.

ARTIGO 37.- CERTIFICACIÓNS E ABOAMENTOS Ó CONTRATISTA.

1.- O director da obra expedirá as certificacións de obra dentro dos dez días seguintes ó período ó que correspondan, logo da audiencia ó contratista, para os efectos da súa conformidade ou reparos.

2.- Os pagamentos verificaranse contra certificacións de obra previamente aprobadas polo órgano competente, unha vez que a entidade cofinanciadora ingrese na caixa do concello a aportación correspondente a cada exercicio. Así mesmo, o contratista deberá presentar unha factura por igual importe que o da certificación.

Os pagamentos das certificacións de obra terán o carácter de pagamentos a boa conta e estarán suxeitos ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final, sen que, polo tanto, supoñan de ningún xeito a aprobación e a recepción das obras ás que corresponde.

3.- O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo ou prazos contractuais, agás que a xuízo da dirección da obra existisen razóns para non estimalo conveniente. Sen embargo, non terá dereito a percibir en cada ano maior cantidade que a consignada na anualidade correspondente, afectada polo coeficiente de adxudicación, calquera que sexa o importe do executado ou das certificacións expedidas

4.- O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta sobre o seu importe polas operacións preparatorias realizadas, como a instalacións e o acopio de materiais ou dos equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para tales efectos, determinan os artigos 99.3 e 145 do TRLCAP e disposicións complementarias vixentes. A cantidade resultante descontarase da certificación correspondente.

Malia o disposto neste artigo e, en calquera caso, o recoñecemento de obrigas supeditarase o crédito dispoñible en cada exercicio orzamentario.

ARTIGO 38.- CUMPRIMENTO DO PRAZO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS.

1.- O adxudicatario queda obrigado ó cumprimento do prazo de execución do contrato e dos prazos parciais fixados pola administración. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración. Se o contratista, por causas a el imputables, incorrese en demora respecto ó cumprimento do prazo total, a administración poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades establecidas no artigo 95.3 do TRLCAP.



2.- A perda da garantía ou os importes das penalidades non exclúen a indemnización por danos e perdas a que poida ter dereito a administración pola demora do contratista.

3.- Se o retraso se producise por motivos non imputables ó contratista, estarase ó disposto na alínea dúas do artigo 96 do TRLCAP.

4.- O importe das penalizacións deducirase das certificacións, e se é o caso, da garantía.

5.- No suposto de que o financiamento da obra estea, en todo ou en parte, suxeita á percepción de subvencións doutras administracións ou entidades de dereito público e a falta de cumprimento dos prazos de execución supoñan a perda daquela, o Concello de Viveiro queda exonerado do pagamento derivado da dita perda, facéndose cargo tan só da parte que lle pudiese corresponder como aportación municipal.

ARTIGO 39.- MODIFICACIÓNS DE OBRAS.

O órgano de contratación ten a prerrogativa de modificar o contrato por razóns de interese público, con suxeición ó disposto nos artigos 59, 101 e 146 do TRLCAP, e demais disposicións que sexan aplicación.

En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultantes, se é o caso, como consecuencia dela. A devandita aprobación corresponderá ó órgano de contratación competente, logo da preceptiva fiscalización do gasto e existencia de crédito.

ARTIGO 40.- CESIÓN DO CONTRATO.

O adxudicatario non poderá ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras ou subcontratar unidades de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, e sen acreditar o cumprimento dos requisitos legalmente esixibles, nos termos sinalados nos artigos 114 e 115 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

ARTIGO 41.- SUBCONTRATACIÓN.

1.- A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 115 do TRLCAP, así como o pagamento a subcontratista e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 116 do TRLCAP.

2.- Para os efectos da cumprimentación por esta Administración do disposto na Disposición Adicional 18ª da Lei de 9 de decembro de 1998, reguladora do Imposto sobre a renda das persoas físicas, na comunicación que dirixa o adxudicatario ó Concello incluíranse, cando menos, os seguintes datos:

- a) Identificación do subcontratista.
- a) Identificación das partes do contrato a realizar polo subcontratista.
- b) Importe das prestacións subcontratadas.

ARTIGO 42.- SUSPENSIÓN DAS OBRAS.



No caso de producirse unha suspensión do contrato, estarase ó estipulado nos artigos 102, 149 b) e c) do TRLCAP e nas súas normas de desenvolvemento. Nos supostos de suspensión temporal, parcial ou total, ou definitiva, levántase unha acta de suspensión, a cal haberán de asinar o director de obra e o contratista, na que fará constar o acordo da administración que orixinou a suspensión, con especificación da parte ou partes ou a totalidade da obra afectadas por aquela.

Coa acta débese achegar, como anexo e en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición tanto da obra executada en dita ou ditas partes, como dos materiais acopiados a pé de obra utilizables exclusivamente nelas.

A dirección remitirá un exemplar da acta de suspensión e do seu anexo ó Concello.

ARTIGO 43.- RECEPCIÓN E LIQUIDACIÓN DAS OBRAS.

1.- A recepción das obras terá lugar dentro do mes seguinte ó seu remate, e formalizarase mediante unha acta de recepción que deberá ser subscrita por un facultativo designado polo Concello, o director da obra e o contratista asistido, se o estima conveniente, do seu facultativo

2.- En calquera caso, tanto a recepción coma a liquidación efectuaranse nos termos e coas formalidades establecidas no artigo 147 do TRLCAP e, en canto sexa de aplicación, nas cláusulas 74 e seguintes do Prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de obras do Estado.

ARTIGO 44.- PRAZO DE GARANTÍA.

1.- A partir do día da sinatura da acta de recepción da obra comezará a contar o prazo de garantía, cunha duración dun ano.

2.- Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e a conservación das obras e será responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan. Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obriga, os traballos necesarios para a súa reparación executarase pola administración a custa do contratista.

3.- Dentro dos quince días anteriores ó cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a pedimento do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras, cos efectos sinalados no artigo 147.3 do TRLCAP.

ARTIGO 45.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA.

Dentro do prazo máximo de 30 días naturais seguintes ó día en que remate o prazo de garantía, o director das obras informará sobre a procedencia da súa devolución. No suposto de que o informe fose favorable, procederase a súa devolución, logo dos trámites pertinentes. Se fose desfavorable, daranse as ordes oportunas para que emende as eivas, e no caso de que non o fixese, iniciárase a tramitación para a resolución do contrato por incumprimento do contratista.

ARTIGO 46.- VICIOS OCULTOS.

Se a obra se arruína con posterioridade ó remate do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a un incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas durante o termo de quince anos, que comezará a contar dende a recepción. Transcorrido este prazo sen que se manifestara ningún dano ou perda, quedará totalmente



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es
extinguida a súa responsabilidade, de conformidade co artigo 148 do Real decreto legislativo
2/2000, de 16 de xuño.

ARTIGO 47.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán as previstas nos artigos 111 e 149 do TRLCAP, e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista mediante procedemento no que se garantirá a audiencia a este, cos efectos previstos nos artigos 113 e 151 do mesmo corpo legal.

CAPÍTULO QUINTO

PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E XURISDICCIÓN

ARTIGO 48.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E XURISDICCIÓN.

Dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados no Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, o órgano de contratación ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta. Antes de adoptar os correspondentes acordos, será preceptivo o informe do Secretario e do Interventor da corporación, sen prexuízo do disposto no artigo 321.2 da Lei 5/97, de 22 de xuño, de administración local de Galicia. Contra os devanditos acordos poderase interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que a dictou, no prazo dun mes, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados en ámbolos dous casos dende o día seguinte ó da recepción da resolución, segundo o disposto no artigo 107 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende o seguinte ó da recepción da notificación do acordo recorrido.

Contra a resolución presunta do recurso de reposición, que terá lugar transcorrido un mes dende a súa interposición sen que fose notificado, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte a aquel no que a resolución do devandito recurso de reposición deberíase ter notificado de forma expresa (un mes dende a interposición), todo iso de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, en relación cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ademais, poderá interpoñer aqueloutro que estime conveniente.”

Dáse traslado do presente acordo ao Técnico de Administración Xeral, para a súa constancia e tramitación polo departamento de Obras e contratación.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

11º.- **CONTESTACIÓN ÁS PREGUNTAS FORMULADAS POR
ESCRITO POLO GRUPO DO PP.**

Polo Sr. Alcalde-presidente, dáse lectura da contestación ás preguntas formuladas polo grupo do PP que, literalmente, dí:

“En el preámbulo de la pregunta formulada por el portavoz del PP entre otras consideraciones dice:

“...el Sr. Alcalde en el último Pleno de la firma de un Convenio con la Mutua Gallega por lo que se establece un “Protocolo de Prevención de Riesgos Laborales”, lo cual se presentó como “muy urgente” a pesar de haber transcurrido más de año y medio de mandato...”.

Causa indignación que quien no realizó lo que la legislación le obligaba o sea establecer y dar cumplimiento a la ley 31/95, y demás leyes como la ley 50/98, ley 39/99, ley 12/01, los RD 39/97, RD 780/98, RD 216/99, todas ellas y ellos en vigor y promulgados cuando quien firma el escrito ostentaba el cargo de Alcalde de este Concello, con lo cual podríamos, a mi entender, estar hablando de una irregularidad o delito en su caso, contra la salud y la seguridad de las personas, y no comunicó en ningún momento al gobierno entrante este incumplimiento legal, que cuando este Alcalde detecta la situación de ilegalidad en que se encuentra el Concello de Viveiro, y procede a subsanar esta situación ilegal, mediante comunicación en el Plano municipal de la situación generada por usted cuando ostentaba el cargo de Alcalde, al mismo tiempo que el de Senador del Reino (condición que no le permitiría aducir desconocimiento de la ley incumplida).

Continua diciendo en dicho preámbulo:

“Por tanto, también podría haber transcurrido algún tiempo más y adjudicar dicho servicio por Concurso al objeto de no transgredir la tan cacareada “igualdad de oportunidades”.

No es de extrañar que usted califique de cacareo a la igualdad de oportunidades cuando la ha estado ignorando continuamente en casos como la contratación del personal que le preocupa, en retribuciones y un largo etc. que llevaría más de dos folios enumerar.

Haber esperado hubiera significado seguir sin la cobertura que la ley venía obligando desde hacía muchos años.

También dice:

“Dado que un accidente laboral puede suceder a cualquier hora del día...”.

Eso es verdad y usted que lo dice debería de haberse aplicado esta máxima y **NO TENER AL PERSONAL TODOS ESOS AÑOS SIN LA COBERTURA QUE LA LEGISLACIÓN OBLIGABA**, y que fue este Gobierno Municipal, en el momento que tuvo conocimiento de esta ilegalidad, quien la subsanó, a través de la misma Mutua con la que usted tenía firmadas una maraña de seguros en vez de ir a una cobertura general de todas las contingencias que la legislación obliga a los concellos.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Seguramente esta maraña de seguros por su gestión tejida le lleva a confundirse o ignorar que el concierto de prevención de riesgos no conlleva la asistencia por los accidentes sino todas las medidas que hay que tomar para prevenirlos, la asistencia por accidente la regula la ley en vigor, por la cual el accidentado puede elegir a que centro acude, y si no puede determinarlo el accidentado quien le realice la asistencia inicial.

Pero bueno que vamos a esperar de quien, a mi entender, ha ejercido en muchísimas ocasiones sin respetar el ordenamiento jurídico, a pesar de formar parte de los órganos que legislan en nuestro país.

En cuanto a la primera pregunta que dice:

“¿Tiene conocimiento el Sr. Alcalde de la modificación de horario realizada por los Servicios Médicos de la Mutua Gallega?”.

Si, y en cuanto al horario de asistencia de la clínica, recoge la interrupción de las actividades al mediodía tal y como estaba cuando usted firmó el contrato como Alcalde de Viveiro.”

“Qué medidas piensa adoptar el Sr. Alcalde al objeto de que la jornada laboral de los trabajadores del Ayuntamiento esté cubierta en su totalidad por parte de los Servicios Médicos de la Mutua Gallega?”.

Cuando usted firmó el contrato por asistencia por accidente laboral, no estableció ninguna condición supletoria a la ley en el contrato en vigor, de que tendría que tener la clínica abierta las 24 horas del día, porque hay servicios municipales que abarcan las 24,

Las medidas a tomar afectan a clarificar los contratos firmados y tratar de sacar a concurso público todos juntos, pero existe una gran dificultad y es que los que usted dejó firmados finalizan en fechas diferentes y habrá que negociar con sus titulares fecha a fecha de cada contrato o sacar un concurso condicionado por esa dificultad.”

Engadindo, finalmente, que existe certificación de que o horario é o mesmo que o que figura no contrato de dita póliza.

12º.- CONTESTACIÓN Á PREGUNTA FORMULADA POLO VOCEIRO DO PS DE G-PSOE.

Polo Sr. Alcalde maniféstase que por persoas que ostentaron o cargo de Concelleiro percibiron eles mesmos ou os seus cónxuxes aboamentos do Concello por servizos ou subministramentos.

A continuación, da lectura das cantidades:

D. JOSÉ JOAQUÍN GAYOSO ROCA, CONCELLEIRO DESDE 1987 ATA O DÍA DE HOXE, COBROU 3.106,35 EUROS.

D^a. M^a TERESA TRASANCOS ROCA, ESPOSA DE D. JUSTO VÁZQUEZ CHAO, PERCIBÍU 489,62 EUROS.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es
D^a. M^a ELENA VÁZQUEZ TRASANCOS, COBROU 49,88 EUROS.

“AUTOBUSES DE VIVERO-OTERO, S. L.”, APODERADO DESDE O 27 DE NOVEMBRO DE 1999, D. DOMINGO NÉSTOR OTERO SEARA, CONCELLEIRO DESDE 1987 ATA 1999, PERCIBÍU 140,521,50 EUROS.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte dúas horas e trinta minutos, estendéndose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte dúas horas e trinta minutos, estendéndose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.